

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**3673** *Real decreto 176/2014, do 21 de marzo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das iniciativas e queixas relativas ao réxime de persoal e ás condicións de vida que poida formular o militar.*

O artigo 29 da Constitución recoñece que todos os españois terán o dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei, e no seu segundo número engade que os membros das forzas ou institutos armados ou dos corpos sometidos a disciplina militar poderán exercer este dereito só individualmente e conforme o disposto na súa lexislación específica.

Ao abeiro do dito dereito fundamental de petición, o artigo 28 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, recoñece que o militar poderá formular iniciativas e queixas relativas ao réxime de persoal e ás condicións de vida, sen prexuízo do mantemento do conduto regular e do exercicio dos dereitos e accións que legalmente corresponden aos membros das Forzas Armadas.

Esta posibilidade, que recoñece a Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de formular iniciativas e queixas por parte do persoal militar é unha nova vía para a participación dos membros das Forzas Armadas na configuración do seu réxime de persoal e condicións de vida. Desta maneira propíciase a participación e colaboración do militar a título individual preservando a súa independencia de criterio e a súa liberdade de expresión.

Trátase, por tanto, dun novo mecanismo que se suma ás outras alternativas recoñecidas na Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, no que á participación do persoal militar na configuración do réxime de persoal se refire.

Este real decreto, por tanto, ten por obxecto definir o procedemento para a tramitación e a resolución das ditas iniciativas e queixas.

Por outra parte, dentro do mencionado procedemento, establécese unha clara diferenza para a tramitación das iniciativas e das queixas. De feito, nas iniciativas configúrase un réxime específico que inclúe a posibilidade de que estas iniciativas sexan estudadas, chegado o caso, e por razóns de competencia e coa finalidade de fornecer información para que o órgano competente poida resolver adecuadamente, por un grupo de traballo constituído «ad hoc» que as estudará, analizará e valorará.

No que se refire ás queixas, e conforme o que se establece no artigo 28.3 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, créase un procedemento de dúas instancias: a primeira, na cal se tramitarán as queixas seguindo o conduto regular na estrutura xerárquica das Forzas Armadas, e a segunda, para aquelas queixas que se considerase que non foron o suficientemente atendidas ante os órganos que se determinan nesta disposición.

O disposto neste real decreto será sen prexuízo do previsto no capítulo IV, relativo ao programa de queixas e suxestións, do Real decreto 951/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración xeral do Estado.

Así mesmo, inclúese dentro das disposicións derradeiras unha modificación no artigo 36 do Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, coa que se amplía o número máximo de convocatorias para que os militares de tropa e mariñeiría poidan acceder a unha relación de servizos de carácter permanente.

Por outra parte, tamén se introducen dúas modificacións no Regulamento de reservistas das Forzas Armadas, aprobado por Real decreto 383/2011, do 18 de marzo. A primeira fai referencia aos aspirantes que se deben encadrar nos corpos comúns das Forzas Armadas, sinala que a duración da formación militar específica se poderá reducir ao mínimo imprescindible para o coñecemento da unidade, centro ou organismo a que

corresponda a praza asignada, e que poden quedar exentos aqueles que fosen seleccionados en praza directamente relacionada coa súa profesión civil. A segunda modificación substitúe as activacións do reservista, no que afecta a ampliación do seu compromiso, por unha declaración escrita en que manifieste a súa voluntariedade para ser activado nas condicións que regula este regulamento.

Durante a súa tramitación, sobre este real decreto emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a forma en que o militar poderá formular iniciativas e queixas relativas ao réxime de persoal e ás condicións de vida e a súa tramitación, determinar os órganos que, se for o caso, as analizarán e resolverán e fixar os mandos ou órganos directivos ante os cales se poderán presentar directamente as queixas, todo isto conforme o artigo 28 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto establécense as seguintes definicións:

a) *Iniciativa* ou *proposta*: é o dereito que ten o militar de formular a título individual calquera tipo de actuación, incluída a modificación de normativa, relativa ao réxime de persoal e ás condicións de vida, xa sexa de carácter xeral ou específica da súa unidade, que afecte os membros da súa categoría.

b) *Queixa*: a reclamación que o militar fai a título individual ante o mando ou órgano directivo competente para manifestar a súa desconformidade con calquera aspecto do réxime de persoal e as condicións de vida, sexan as que existen con carácter xeral nas Forzas Armadas ou as que se dean especificamente na súa unidade.

c) *Unidade*: conforme o establecido no artigo 2.2 das normas sobre seguridade nas Forzas Armadas, aprobadas por Real decreto 194/2010, do 26 de febreiro, fai referencia tanto a unha unidade militar ou buque, centro ou organismo, como a unha base, acuartelamento ou establecemento.

#### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación a todos os membros das Forzas Armadas, salvo que, conforme o establecido nos artigos 109 e 110 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, teñan a súa condición militar en suspenso.

2. As iniciativas e as queixas elevadas polos militares deberán estar relacionadas co réxime de persoal e as condicións de vida.

3. As iniciativas e as queixas non se poderán referir a materias relacionadas coas decisións de política de seguridade e defensa, co planeamento e condución das operacións militares e co emprego da forza, así como coa tramitación e resolución dos procedementos administrativos ou xurisdiccionais.

4. Non se considerarán queixas aquelas demandas que directa ou indirectamente impliquen a solicitude dunha modificación da normativa vixente, que serán consideradas como iniciativas das reguladas no capítulo II.

#### Artigo 4. *Competencias.*

1. As autoridades competentes para dar contestación ás iniciativas e ás queixas obxecto deste real decreto, conforme os procedementos establecidos nos capítulos seguintes, serán:

- a) Os xefes de unidade.
- b) O director xeral de Persoal e os xefes dos mandos ou xefatura de persoal dos exércitos.
- c) O subsecretario de Defensa.

2. As referencias que neste real decreto se fan aos mandos ou xefatura de persoal dos exércitos ou aos seus xefes entenderanse feitas, tamén, á Dirección Xeral de Persoal ou ao seu titular, en función do ámbito competencial dos ditos órganos ou autoridades.

3. Cada unha das autoridades competentes establecidas no número 1 designará, dentro da súa estrutura orgánica, a unidade administrativa responsable da tramitación dos expedientes citados no dito número.

4. Os xefes de unidade manterán informado o seu inmediato superior xerárquico dos expedientes abertos, dos traslados de expedientes realizados e dos acordos adoptados polas autoridades competentes en relación cos ditos expedientes.

5. No ámbito dos mandos ou xefatura de persoal dos exércitos crearanse grupos de traballo para o estudo e análise das iniciativas presentadas. A súa creación farase conforme as normas que estableza o ministro de Defensa.

As opinións destes grupos serán consideradas polas autoridades competentes, pero non terán carácter vinculante.

#### Artigo 5. *Efectos.*

1. O previsto neste real decreto será sen prexuízo do exercicio dos dereitos e accións que legalmente correspondan aos membros das Forzas Armadas.

2. As iniciativas e as queixas reguladas neste real decreto non terán o carácter de reclamación en vía administrativa, a súa presentación non interromperá os prazos de prescrición ou caducidade dos procedementos administrativos ou xurisdicionais, e os acordos que resolvan as ditas iniciativas ou queixas tampouco serán susceptibles de recurso ningún.

## CAPÍTULO II

### Tramitación de iniciativas

#### Artigo 6. *Presentación de iniciativas.*

1. Conforme o artigo 28.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, o militar poderá presentar iniciativas e propostas que afecten con carácter xeral os membros da súa categoría, na súa unidade e ante o oficial, suboficial maior ou cabo maior designado para tal efecto polo xefe de unidade.

2. Cando polo tipo de unidade ou por razóns de índole operativa non for posible designar militares cos empregos de suboficial maior ou de cabo maior, será nomeado, polo xefe de unidade, un militar doutro emprego por cada categoría.

3. No caso de que algún militar se encontre destinado no estranxeiro sen estar integrado en ningunha unidade, ou o estea nun organismo alleo á estrutura orgánica das Forzas Armadas, remitirá as súas iniciativas ou propostas ao oficial, suboficial ou militar

de tropa e mariñeiría designado na unidade militar ou mando con que teña establecida unha dependencia orgánica ou relación administrativa, de acordo coa normativa vixente.

4. A designación destes militares publicarase na correspondente orde da unidade ou taboleiro de anuncios para que poida ser coñecida por todos os compoñentes dela.

5. Todo documento que conteña unha iniciativa incluírá necesariamente o nome, a tarxeta de identidade militar, o emprego e o destino do militar, a proposta, a data de presentación e a sinatura do interesado.

## Artigo 7. *Estudo de iniciativas.*

1. Presentada a iniciativa ao militar designado, este poderá elaborar o seu propio informe, que trasladará, se for o caso, ao xefe de unidade a través da unidade administrativa responsable, que abrirá o correspondente expediente en que se incluírán todos os documentos que xere a súa tramitación.

2. Se a iniciativa ou proposta non reúne os requisitos establecidos no artigo 6.5 ou non reflicte os datos necesarios coa suficiente claridade, requirirase o proponente para que emende os defectos advertidos. En caso de que non proceda á súa emenda, terase por desistido na súa petición.

3. Serán causas de inadmisión das iniciativas presentadas as seguintes:

- a) Que fose tramitada e estudada con anterioridade outra substancialmente igual.
- b) Que quede fóra do ámbito de aplicación definido no artigo 3.

Neste caso, poderanse propor, por conduto regular, á autoridade competente as actuacións que deriven da natureza xurídica do contido da iniciativa.

c) Que veña subscrita por máis dunha persoa ou que se pretenda presentar en representación de persoas distintas do proponente.

4. O xefe de unidade, tras o estudo da iniciativa, e sempre que estea dentro do ámbito das súas competencias, atenderaa ou, se apreciar causa de inadmisión, devolveraa ao interesado, indicando os motivos e, se for o caso, as actuacións que poidan derivar da natureza xurídica do contido da iniciativa. Desta inadmisión darase conta ao mando ou xefatura de persoal correspondente e tamén, por conduto regular, ao militar ante o que foi presentada a dita iniciativa. Se a cuestión formulada excede o seu ámbito de competencias, remitiraa, comunicándoo ao interesado, co informe que proceda e o resto do expediente, ao mando ou xefatura de persoal correspondente.

5. Recibida a iniciativa, o mando ou xefatura de persoal avisará da súa recepción ao xefe de unidade e ao interesado. Tras o estudo da iniciativa, e sempre que estea dentro do ámbito das súas competencias, atenderaa ou, se apreciar causa de inadmisión, devolveraa ao interesado, indicando os motivos e, se for o caso, as actuacións que poidan derivar da natureza xurídica do contido da iniciativa. Desta inadmisión darase conta, por conduto regular, ao militar ante o que foi presentada a dita iniciativa. No caso de que o asunto proposto tamén exceda a súa competencia, remitirá o expediente co seu informe á Subsecretaría de Defensa, comunicándoo ao interesado e ao xefe de unidade.

6. Todas as iniciativas serán analizadas polas autoridades competentes e, cando se encontren dentro do ámbito de competencia do mando ou xefatura de persoal, polo grupo de traballo a que fai referencia o artigo 4.5, previamente á decisión que proceda.

7. A autoridade competente, cando o considere oportuno por razón da natureza ou entidade da iniciativa ou por calquera outra circunstancia que o aconselle, poderá citar o militar que a formulou para ser oído. En calquera caso, a comparecencia ao dito trámite terá carácter voluntario.

## Artigo 8. *Adopción de acordos sobre as iniciativas.*

A autoridade competente, tras o estudo realizado, adoptará un acordo motivado que comunicará ao interesado. Tamén se dará conta do dito acordo ao xefe da unidade e á autoridade que remitiu o expediente.

O prazo en que se deberá adoptar o acordo será de seis meses.

## Artigo 9. *Informe anual de iniciativas.*

1. Anualmente, as autoridades competentes recoñecidas no artigo 4.1 remitirán a información sobre as iniciativas recibidas e o resultado da súa tramitación por conduto regular ao mando ou xefatura de persoal correspondente.

O mando ou xefatura de persoal, pola súa vez, elaborará un informe que remitirá á Subsecretaría de Defensa, quen, dando cumprimento ao disposto no artigo 54.2, parágrafo segundo, da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, remitirá o compendio de todos os informes ao Observatorio da Vida Militar.

2. Serán incluídas na información remitida, para efectos estatísticos, as iniciativas inadmitidas recollidas no artigo 7.3.a).

## CAPÍTULO III

### Tramitación de queixas

## Artigo 10. *Tramitación.*

Na tramitación das queixas observarase o ditado para a tramitación de iniciativas en todos aqueles aspectos que non se encontren definidos neste capítulo e, particularmente, no que se refire ás causas de inadmisión e emenda.

## Artigo 11. *Presentación, tramitación e resolución inicial de queixas.*

1. Os membros das Forzas Armadas poderán presentar as súas queixas seguindo o conduto regular na estrutura xerárquica das Forzas Armadas e facéndoo de bo modo, verbalmente ou por escrito.

Toda queixa por escrito incluírá necesariamente o nome, a tarxeta de identidade militar, emprego e destino do militar, o motivo da queixa, a data de presentación e a sinatura do interesado.

2. O superior xerárquico correspondente recibirá a queixa e, se for verbal, salvo que a autoridade competente a atenda no momento, poraa por escrito, a través da unidade administrativa responsable, elevándoa a continuación ao xefe de unidade, que avisará dela e procederá ao seu estudo e análise, para o cal, se non dispón da información precisa, poderá solicitar os datos que necesite para a súa contestación.

3. Se é competente para resolver a queixa, informará o interesado do acordo motivado que proceda por escrito. Se non é competente, trasladaraa por escrito a quen corresponda para que actúe, e dará coñecemento ao interesado deste traslado.

## Artigo 12. *Presentación, tramitación e acordo de queixas en segunda instancia.*

1. O militar que presente unha queixa e, unha vez adoptado o acordo que proceda, considere que non foi suficientemente atendida ou, transcorrido un mes, non fose contestada, poderá presentar a mesma queixa directamente e por escrito, remitindo copia ao xefe de unidade, ante o mando ou xefatura de persoal que lle corresponda segundo o seu ámbito de competencias. En calquera caso, o mes comezará a contar desde a data do aviso de recepción da presentación da queixa.

2. O mando ou xefatura de persoal que reciba a queixa avisará da recepción e practicará as actuacións correspondentes para obter a información precisa que permita axustar o acordo que proceda á situación e normativa vixente.

3. Se o mando ou xefatura de persoal que reciba a queixa non é competente na materia tratada, solicitará os informes que considere adecuados para a adopción do acordo e remitirá a queixa ao xefe de Estado Maior do exército correspondente ou ao subsecretario de Defensa, se for o caso, e dará conta ao interesado.

As autoridades competentes referidas nos números 2 e 3 adoptarán o acordo que proceda e comunicaranlo ao interesado, informando o xefe de unidade. Se o acordo rexeita a queixa, deberá ir debidamente motivado.

O prazo en que se deberá adoptar o acordo será de seis meses.

Artigo 13. *Informe da análise das queixas.*

1. Anualmente, todos aqueles xefes de unidade que recibisen queixas deberán elaborar un informe que remitirán aos mandos ou xefatura de persoal correspondente, que incluíra a relación de todas as queixas recibidas, os acordos adoptados e as queixas que foron inadmitidas, así como unha proposta que aborde aqueles aspectos que consideren que poidan resolver ou mitigar as causas que as orixinaron.

2. A continuación, o mando ou xefatura de persoal elaborará un informe no cal analizará todas as queixas tramitadas a través dos xefes de unidade, así como as que recibise directamente. A dita análise será remitida á Subsecretaría de Defensa.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto público.*

Da aplicación das previsións contidas no presente real decreto non derivarán incrementos nin de dotacións nin de retribucións nin doutros custos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro.*

O número 2 do artigo 36 do Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, queda redactado nos seguintes termos:

«2. O número máximo de convocatorias a que se poderá optar será de tres ordinarias e dúas extraordinarias. As convocatorias extraordinarias terán a consideración de comisións de servizo non indemnizables. A última convocatoria extraordinaria deberá ser realizada durante os cinco últimos anos anteriores á finalización do compromiso de longa duración.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento de reservistas das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 383/2011, do 18 de marzo.*

O Regulamento de reservistas das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 383/2011, do 18 de marzo, queda modificado como segue:

Un. O número 7 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«7. Para os aspirantes a se encadraren nos corpos comúns das Forzas Armadas, a dita duración poderase reducir ao mínimo imprescindible para o coñecemento da unidade, centro ou organismo a que corresponda a praza asignada, podendo quedar exentos aqueles que fosen seleccionados en praza directamente relacionada coa súa profesión civil.»

Dous. O número 5 do artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«5. A concesión da segunda ampliación de compromiso e sucesivas, ademais do establecido no número anterior, requirirá que o reservista voluntario manifestase por escrito ante a Subdelegación de Defensa correspondente, ao menos unha vez cada tres anos, a súa dispoñibilidade para ser activado nas condicións que regula

este regulamento, tanto para participar en programas de formación continuada como para prestar servizo en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa. Se o reservista tiver sido activado, requirirase que só solicitase unha vez a suspensión da activación ao abeiro do previsto no artigo 42.3.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,  
PEDRO MORENÉS EULATE